

SI

A mocidade e as TIC

Edición 2018

XUNTA DE GALICIA

Índice

| | Páxina |
|---|--------|
| I Introdución | 3 |
| II Incidencia dos mozos no equipamento TIC dos fogares | 5 |
| III Incidencia dos mozos no uso das tecnoloxías | 12 |
| IV Conclusións | 21 |

I. INTRODUCCIÓN




Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Avaliar a incidencia da presenza de nenos/as e mozos no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE.


II. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO EQUIPAMENTO TIC DOS FOGARES





Os fogares con nenos/as en idade escolar que contan con ordenadores supera en 24,2 puntos a porcentaxe de fogares onde non residen estes menores.

Fogares con ordenador segundo a convivencia con nenos/as (% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

*Datos 2017: Dispón de ordenador fixo ou portátil, pda ou tablet

Nove de cada dez vivendas con nenos/as de entre 3 e 16 anos dispón dalgún tipo de ordenador, confirmando que convivir con nenos/as en idade escolar obrigatoria é un factor potenciador da existencia de ordenadores nos fogares galegos, xa que superan a media autonómica en 18,4 puntos porcentuais.

Fogares con ordenador segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)


*Datos 2017: Dispón de ordenador fixo ou portátil, pda ou tablet

No 93,7% de fogares nos que se convive con estudantes maiores de 16 anos cóntase con ordenador, superando en 23,9 puntos porcentuais os fogares nos que non reside ningún estudante maior de 16 anos.



A contratación de Internet e banda larga atópase notablemente influenciada pola convivencia ou non con escolares

Fogares con Internet e banda larga contratada segundo a convivencia con nenos/as (% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

A práctica totalidade dos fogares con nenos/as en idade escolar (97,5%) ten contratado Internet, cunha vantaxe de 17,6 puntos porcentuais respecto dos fogares nos que non residen nenos/as en idade escolar.

Fogares con Internet e banda larga contratada segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

Convivir con estudantes maiores de 16 anos fai que prácticamente a totalidade de fogares teña contratado Internet, concretamente o 98,9%, superando a media autonómica en 14,8 puntos porcentuais.

Non considerar nin útil nin interesante Internet é a principal causa para non telo contratado nos fogares sen nenos estudantes

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

| Motivos | Convivencia con nenos | | Total (%) |
|---|---|---|-----------|
| | Con nenos / as en idade escolar obrigatoria | Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria | |
| Non o consideran útil nin interesante | 17,8 | 69,9 | 67,9 |
| Non o coñecen | 13,6 | 37,1 | 36,2 |
| Teñen poucos coñecementos para usalo | 11,1 | 44,3 | 43 |
| Custos altos dos equipos | 70,5 | 18,9 | 20,9 |
| Custos altos de conexión | 71,3 | 19,3 | 21,2 |
| Téñeno noutro lugar | 51,8 | 6,4 | 8,2 |
| Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda | 8,1 | 1,8 | 2 |

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

Os custes relativos, tanto aos equipos como á conexión a Internet, son as principais razóns para que nos fogares nos que se convive con nenos en idade escolar obrigatoria non se teña contratado Internet. Non obstante, a consideración da súa pouca utilidade ou a falta de interese continúa a ser a xustificación fundamental para non contratar Internet nos fogares onde non conviven nenos en idade escolar.

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

| Motivos | Convivencia con estudantes (%) | | Total (%) |
|---|-----------------------------------|-----------------------------------|-----------|
| | Con estudantes maiores de 16 anos | Sen estudantes maiores de 16 anos | |
| Non o consideran útil nin interesante | 19,1 | 68,2 | 67,9 |
| Non o coñecen | 0 | 36,4 | 36,2 |
| Teñen poucos coñecementos para usalo | 0 | 43,3 | 43 |
| Custos altos dos equipos | 11,3 | 20,9 | 20,9 |
| Custos altos de conexión | 68,4 | 20,9 | 21,2 |
| Téñeno noutro lugar | 43,3 | 7,9 | 8,2 |
| Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda | 0 | 2,1 | 2 |

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

En termos similares ao comentado anteriormente, os fogares sen estudantes maiores de 16 anos apuntan como motivo para non contratar Internet que non lles resulta útil nin interesante, en contraste cos fogares onde residen estudantes maiores de 16 anos, que argumentan novamente os altos custes da conexión a Internet e dos equipos.

III. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO USO DAS TECNOLOXÍAS




Uso de dispositivos electrónicos

O uso de dispositivos electrónicos (ordenador, smartpone,...) acada xa ao 98,5% dos mozos de 16 a 34 anos.

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

* Cambio metodolóxico: A partir do ano 2017 o indicador de uso de ordenador contempla tamén o uso doutros dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil ou tablet). Polo tanto, débese interpretar o notable crecemento desde a perspectiva dun cambio na definición deste indicador, incluíndo adicionalmente o uso de smartphones.

O uso de dispositivos electrónicos nos mozos con idades comprendidas entre os 16 e os 34 anos supera en 23,9 puntos porcentuais ao das persoas maiores de 35 anos.

Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

* Cambio metodolóxico: A partir do ano 2017 o indicador de uso de ordenador contempla tamén o uso doutros dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil ou tablet). Polo tanto, débese interpretar o notable crecemento desde a perspectiva dun cambio na definición deste indicador, incluíndo adicionalmente o uso de smartphones.


A porcentaxe de persoas que utilizaron algún dispositivo electrónico e conviven con menores en idade escolar (92,3%) é 16,2 puntos porcentuais superior á que se rexistra no resto de fogares.

Uso de Internet

A porcentaxe de mozos galegos que se conectaron a Internet nos últimos tres meses (98,3%) supera en case 20 puntos porcentuais a media autonómica.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

O uso de Internet incrementábase tanto entre os mozos como entre os maiores, acadando unha porcentaxe de uso do 98,3% na poboación entre 16 e 34 anos e do 72,2% entre os que contan cunha idade superior aos 34 anos.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

O 91,3% das persoas residentes en fogares con nenos/as conectáronse a Internet nos últimos tres meses, 17,5 puntos porcentuais por riba da porcentaxe que non convive con menores en idade escolar obrigatoria.

Frecuencia de uso de Internet nos últimos tres meses segundo a idade

(% sobre as persoas que usaron Internet nos últimos tres meses)




Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

O 92,7% dos mozos entre 16 e 34 anos conéctanse a diario a Internet, descendendo ao 78,8% no caso dos de idades entre os 35 e os 74 anos.

Compra electrónica

No último ano, as compras a través de Internet aumentaron 4,9 puntos entre a poboación de 16 a 34 anos, superando o ritmo de crecemento que se rexistra no tramo de idade de 35 a 74 anos

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

Máis da metade dos mozos entre 16 e 34 anos (52,9%) compraron a través Internet. Esta porcentaxe redúcese á metade (25,2%), no caso dos de idades entre os 35 e os 74 anos.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2014-2017)

A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria incrementa a porcentaxe de compras a través da Rede en 10,9 puntos porcentuais fronte as persoas que non conviven con nenos/as nestas idades.

Trámites coa administración

Na relación coas AAPP, os internautas galegos de 16 a 34 anos optan con maior frecuencia por realizar as súas xestións a través de Internet, rexistrando fendas superiores aos 18 puntos porcentuais respecto das persoas de 35 a 74 anos.


Trámites coa administración

(% sobre persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses)

| Trámites coa administración | | | Total (%) |
|---------------------------------|----------------------|----------------------|-----------|
| | Xóvenes (16-34 anos) | Maiores (35-74 anos) | |
| Obter información da páxina web | 83,8 | 60,5 | 67,4 |
| Descargar formularios oficiais | 73,9 | 54,9 | 60,6 |
| Enviar formularios cubertos | 79,3 | 60,5 | 66,1 |

Fonte: OSIMGA + IGE (2017)

V. CONCLUSIONES



A contratación de internet en fogares con nenos e estudantes incrementase ata o 97,5%, un 3,9% máis que no ano anterior.

A convivencia con nenos e mozos en idade escolar relaciónase positivamente coa contratación de Internet nos fogares, con 17,6 puntos porcentuais máis que nos fogares onde non residen nenos de 3 a 16 anos

A frecuencia do uso diario de Internet entre xóvenes de 16 a 34 anos sitúase no 92,7%, cunha vantaxe de case 14 puntos porcentuais respecto aos maiores de 35 a 74 anos.

Máis da metade dos mozos entre 16 e 34 anos (52,9%) compraron a través Internet. Esta porcentaxe redúcese á metade (25,2%), no tramo de idade entre os 35 e os 74 anos.

As compras a través de Internet aumentaron 4,9 puntos entre a poboación de 16 a 34 anos

As barreiras principais para non ter Internet nos fogares con nenos son os custos da conexión ou equipos; non obstante, nos fogares sen nenos, a principal causa para non contratar Internet é a percepción da falta de utilidade

